

Fabiola García Martínez  
Conselleira de Política Social e Xuventude  
San Caetano, s/n  
15781-Santiago de Compostela

Prezada Conselleira,

Novamente tócame poñerme en contacto con vostede, en relación co *Hospital-Asilo de San Sebastián e San Lázaro*.

Xa lle expliquei nas comunicacións verbais e escritas que esta institución comezou a súa andaina a finais do século XIX, e que a día de hoxe constitúe o fogar de máis de corenta persoas maiores que, deste xeito, poden continuar residindo perto dos seus familiares e amigos/as.

Como supoño que lembrará, en febreiro de 2021 envieille un atento documento pedíndolle a colaboración da Consellería de Política Social no financiamento dos traballos de reforma e equipamento do Hospital-Asilo de San Sebastián e San Lázaro, para adaptalo á normativa e integralo a tódolos efectos no sistema asistencial autonómico.

Daquela, non dispuxo conveniente convocar unha xuntanza entre ambas as dúas partes para analizar estas posibilidades, senón que tan só designou a un técnico do seu departamento para que escoitara as nosas necesidades. Evidentemente, aquel persoal técnico non tiña a capacidade para ofrecer colaboracións económicas.

Con todo, non perdemos o tempo e aproveitamos o cambio normativo que vostedes fixeron na Orde de 12 de xaneiro de 2021 pola que se regula a presentación e a comunicación das reclamacións en materia de servizos sociais, para definir con precisión o complexo Proxecto Básico e de Execución da reforma e adaptación necesarias do Hospital-Asilo. O técnico Municipal redactor do mesmo, cos valores actualizados á terrible situación inflacionista e de incremento de custos que padecemos cifra o custo do proxecto en 1,636.065€. Isto soamente no que se refire ás obras en si, sen contar o mobiliario nin a habilitación dunha solución temporal para os usuarios mentres se desenvolven estas. Como ve, é unha cifra moi importante para un concello da entidade do que presido.

É certo que, por unha circunstancia casual e allea a calquera previsión, tivemos a sorte de que un veciño do concello, ao seu falecemento, deixase os seus bens en herdanza ao Hospital-Asilo, o que nos vai permitir facer fronte a unha parte do custo sen que supoña un quebranto para as finanzas municipais. Pero por desgraza este legado non alcanza nin de lonxe a cubrir o montante total.

Ademáis, hai poucos días, concretamente o pasado 31/05/2022 e aproveitando unha liña de axudas de Fondos *NextGeneration EU* que publicou o *Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana* quixemos presentar solicitude de subvención para a Reforma do Hospital-Asilo por entender que cumpre os criterios establecidos nesa convocatoria. De feito, utilizamos o mesmo proxecto de execución que redactou a Oficina Técnica Municipal e que contou co visto e prace da súa Consellaría de Política social e mais co da Oficina de Supervisión da Deputación de Lugo (que polo elevado monto económico, faise obrigatorio que a Deputación tamén o supervise).



Non sabemos aínda se seremos merecedores de algún tipo de axuda por parte do Goberno do Estado, pero non quixemos desaproveitar esta oportunidade, a xulgar tamén porque desde a Xunta nunca até o momento se nos chegou a contestar formalmente ás nosas peticións e dar unha cifra concreta.

**Queremos agora reiterar formalmente a nosa petición de axuda económica pola parte que non chegue da herdanza recibida, uns 800.000€ aproximadamente a falta dalgúns axustes no seu patrimonio final, e da posible achega do *Goberno do Estado* con estes fondos *NextGeneration*.**

**Para o caso de que o Estado non acabe aportando nada, solicitámoslle que a *Xunta de Galicia* asuma a diferenza entre a herdanza e o custe do proxecto que ascende a 1,636.065€ e que non ten en conta o mobiliario, senón os arranxos necesarios na estrutura do edificio.**

**Tamén, e igualmente importante, unha vez asegurado o seu compromiso de contribución económica suficiente, deberían darnos unha solución ao transitorio desprazamento das usuarias e usuarios do Hospital-Asilo a outro Centro ou Centros entrementes se executen as obras.**

Supoño que, a estas alturas, será vostede coñecedora da situación que se viviu coa Consellería que dirixe cando hai varios anos construímos e dotamos o moderno Centro de Atención a Maiores de Ribadeo que nestes días cumpre o terceiro aniversario da súa posta en marcha. O resultado foi que a Xunta de Galicia resultou ser a única administración que non participou no seu financiamento, o que supoño que tivo consecuencias negativas na percepción que desta ten a cidadanía do noso Concello.

Non teño ningunha intención agora de volver a incidir no acontecido naquel momento, nin se trata de buscar culpas nin xustificacions, pero si quería dicirle que me parece un bo momento para deixar atrás todo aquilo e amosar á xente que si é posible colaborar, cando o que se busca é o benestar dos nosos maiores.

**Por iso reitérolle formalmente, a colaboración leal e decidida da Consellería de Política Social no financiamento dos traballos de reforma e equipamento do Hospital-Asilo de San Sebastián e San Lázaro, para adaptalo á normativa e integralo a tódolos efectos no sistema asistencial autonómico, así como a responsabilidade no traslado transitorio do usuarios mentres se executen as obras.**

**Quedamos pendentes das súas novas.**

Atentamente,

En Ribadeo, a data da sinatura electrónica.

O Alcalde,

Asdo. Fernando Suárez Barcia

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

